

PLAN MUNICIPAL MELLORA LUGO 2016

O Concello de Lugo pon en marcha o Plan municipal MELLORA LUGO 2016 para cumprir cun triple obxectivo:

- Contribuír a permanencia de empresas locais no tecido empresarial de Lugo
- Fortalecer o mantemento de postos de traballo e a creación de novos empregos.
- Levar a cabo actuacións de interese municipal

A vista dos bos resultados acadados en edicións anteriores, tanto dende o punto de vista dos traballos realizados polas empresas adxudicatarias, como pola xeración de emprego nesas empresas, é tendo en conta que o Concello de Lugo non dispón de recursos para a realización destes traballos é preciso licitar de novo as seguintes obras/servizos:

1. Servizo de Medio Ambiente: Acondicionamento zonas verdes,
2. Servizo de Deportes: Mantemento de reparación de instalacións deportivas.-
3. Zona Rural
4. Servizo de Educación: Arranxo e reparación de colexios
5. Servizo de mantemento pavimentación, sinalización rede viaria municipal

Para a licitación de cada un dos contratos propostos, terase en conta non só o contido das obras a realizar, os materiais e a maquinaria a empregar, senón tamén a creación e o mantemento de postos de traballo en empresas locais, para colaborar a paliar os efectos da crise económica no noso Concello de Lugo (respetando as condicións especiais de execución DE CREACIÓN E MANTEMENTO DE EMPREGO)

O importe máximo de cada unha das licitacións é de 85.000 €. (Impostos incluídos). Importe total do plan 425.000€

Xúntase unha táboa, na que se reflicte a denominación dos contratos que están en licitación na que se inclue ás empresas adxudicatarias dos diferentes contratos, así como os compromisos de emprego ofertados por cada unha delas.

Nota Importante: O Concello de Lugo, non participa na selección nin na remisión de candidatos/as, xa que son as empresas adxudicatarias as que realizan as contratacións, e, se é o caso, envían a oferta ao servizo público de emprego e seleccionan ás persoas candidatas, de acordo ao compromiso acadado no seu contrato co Concello de Lugo.